

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

RESOLUCIÓN do 3 de outubro de 2019, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se lles dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos no segundo cuadrimestre de 2019.

O artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, impón a cada consellería ou entidade da Xunta de Galicia a obriga de publicar no *Diario Oficial de Galicia* unha relación dos convenios de colaboración subscritos no cuadrimestre anterior.

En consecuencia, e para lle dar cumprimento a esa obriga,

DISPOÑO:

Artigo único

Darlle publicidade á relación dos convenios subscritos pola Secretaría Xeral da Emigración nos meses de maio, xuño, xullo e agosto do ano 2019 que se incorpora como anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 3 de outubro de 2019

Antonio Rodríguez Miranda
Secretario xeral da Emigración

ANEXO

Nome	Obxecto	Importe	Data da sinatura
Convenio de colaboración coa Fundación Fillos de Ourense (Fundaoourense)	Contribuír á atención das necesidades socioasistenciais básicas dos cidadáns galegos residentes en Venezuela	40.000,00 €	13.8.2019
Convenio de colaboración coa Fundación +34	Atención das persoas galegas que se atopen en situación de privación de liberdade no exterior e especial necesidade	6.000,00 €	13.8.2019
Convenio de colaboración coa Fundación España Salud	Contribuír á atención das necesidades sociosanitarias e de atención domiciliaria dos cidadáns galegos residentes en Venezuela	100.000,00 €	13.8.2019



Nome	Obxecto	Importe	Data da sinatura
Convenio de colaboración coa Asociación Española Primera Socorros Mutuos de Montevideo	Desenvolvemento dun programa de atención socio sanitaria destinado ás persoas de orixe galega e aos seus descendentes residentes en Montevideo (Uruguai)	20.000,00 €	24.6.2019
Convenio de colaboración coa Casa de Galicia de Montevideo	Desenvolvemento de programas de atención socio sanitaria destinados ás persoas de orixe galega e aos seus descendentes residentes en Montevideo (Uruguai)	35.000,00 €	24.6.2019
Convenio de colaboración co Hogar Español de Montevideo	Contribuír á atención das necesidades socioasistenciais básicas dos cidadáns galegos residentes en Montevideo (Uruguai)	20.000,00 €	24.6.2019
Convenio de colaboración co Centro Gallego de Mar del Plata	Contribuír á atención das necesidades socioasistenciais básicas dos cidadáns galegos residentes en Mar del Plata (Arxentina)	15.000,00 €	25.6.2019
Convenio de colaboración coa Casa de España en Río de Janeiro	Contribuír á atención das necesidades socioasistenciais básicas dos cidadáns galegos alí residentes e para o establecemento dun punto de información e asesoramento en Río de Janeiro (Brasil)	30.000,00 €	6.6.2019
Convenio de colaboración coa Sociedade Beneficente Rosalía de Castro de Sao Paulo	Contribuír á atención das necesidades socioasistenciais básicas dos cidadáns galegos residentes en Sao Paulo (Brasil)	12.000,00 €	7.6.2019
Convenio de colaboración coa Sociedade de Socorros Mutuos e Beneficente Rosalía de Castro de Santos	Contribuír á atención das necesidades socioasistenciais básicas dos cidadáns galegos residentes en Santos (Brasil)	12.000,00 €	8.6.2019

